



***Bases que rexerán a provisión en calidade de bolseiro, de prazas nas especialidades de
Frauta, Clarinete e Percusión na Banda Ferrolá de Música***

1.-Obxecto das bases:

A cobertura **de prazas nas especialidades de frauta (1 praza), clarinete (1 praza) e percusión (1 praza)**, en calidade de bolseiro.

A adscrición a unha categoría concreta (primeiro e solista) realizarase con posterioridade á proba práctica e previa proposta polo director da Banda, en virtude do nivel do seleccionado.

De conformidade coas retribucións e dependendo da categoría concreta de adscrición, estas oscilarán entre 222,50 € e 254,00 € mensuais (primeiro e solista).

2.-Presentación de instancias

O prazo de presentación de instancias será do 24 de febreiro ao 29 de febreiro de 2016 no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, de luns a venres en horario de 9 a 14 horas e os sábados de 9 a 13 horas.

Os aspirantes deberán presentar instancia de participación dirixida ao Concello de Ferrol. Negociado de Cultura.

A relación dos aspirantes admitidos publicarase, cunha antelación mínima **dun día** á realización da proba de selección, na páxina web e no Taboleiro de anuncios deste Concello.

3.-Probas de selección

As probas de selección terán lugar no Auditorio de Ferrol o próximo día 3 de marzo ás 17:00 horas.

A orde de chamada dos aspirantes realizarase en función da orde de presentación da instancia no rexistro xeral de entrada do Concello de Ferrol, quedando a decisión do tribunal a orden de intervención das especialidades.

As probas de selección terán unha duración aproximada de 30 minutos e consistirán en:

1ª proba: interpretación dunha obra de libre elección polo aspirante.

2ª proba: interpretación co instrumento da especialidade á que se opta de dous "sos" para banda ou orquestra elixidos polo tribunal.

3ª proba: interpretación dun fragmento á vista. O aspirante disporá dun máximo de 5 minutos para a preparación desta interpretación.

4.- Tribunal

O tribunal estará composto por 3 membros, actuando todos con voz e con voto:

Presidente: Jesús Basterrechea López (concelleiro de Cultura do Concello de Ferrol)

Vogal: Soraya García Rivero (Conservatorio de Ferrol)

Secretario: Narciso Pillo Guerreiro (director da Banda Ferrolá de Música)

5.- Publicidade

A convocatoria da provisión das prazas ás que se refiren estas bases será publicada nos periódicos de maior tirada da cidade.

As bases serán publicadas na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Ferrol, 23 de febreiro de 2016

O concelleiro delegado de Cultura, Ensino e Universidade,

Jesús Basterrechea López

